

MEMORIA ECONÓMICA

EXERCICIO 2009

UNIVERSIDADE DE VIGO

TÁBOA DE CONTIDO

Presentación.....	3
I. Execución do Orzamento	4
I.1 Créditos iniciais, Modificacións de crédito e Créditos finais.....	4
Orzamento de Ingresos.....	4
Orzamento de Gastos	5
I.2 Execución do orzamento.....	7
Grao de Execución do Orzamento de Ingresos	8
Grao de Execución do Orzamento de Gastos.....	10
Comparación dos Ingresos respecto do Ano anterior.....	12
Comparación dos Gastos respecto do Ano anterior	13
I.3 Operacións de exercicios pechados.....	17
I.4 Remanente de Tesourería.....	18
II. Operacións extra-orzamentarias	21
II.1 Debedores extra-orzamentarios	21
II.2 Acredores extra-orzamentarios	22
III. Situación económico-patrimonial.....	23
III.1 Resultado económico patrimonial e resultado orzamentario do exercicio	23
III.2 Balance de situación a 31-12-2009	25
IV. Situación de Tesourería.....	28
V. Indicadores.....	30
V.1 Indicadores orzamentarios e financeiros	30
V.2 Indicadores patrimoniais	32
VI. Resumos das contas anuais de entidades participadas	34
VII. Da Contratación Administrativa	39

PRESENTACIÓN

Coa **Memoria Económica** a Universidade informa á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade do grao de cumprimento do seu orzamento, dos resultados económicos obtidos durante o exercicio e da situación patrimonial da Universidade.

Este documento pretende dar unha visión resumida co obxectivo de que sexa comprensible por persoas non técnicas na materia orzamentaria e contable. A información detallada empregada para a elaboración deste informe atópase na Secretaría Xeral, nas Vicerreitorías dos Campus de Ourense e Pontevedra, na Vicerreitoría de Economía e na Xerencia - Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería.

Na meta estratéxica 6ª do Plan Estratéxico 2008-2012 da Universidade de Vigo establécese que a universidade está “comprometida coa igualdade, cunha cultura organizativa vertebradora e con sistemas de xestión flexibles e eficaces”, e especificamente na súa Liña Estratéxica 6.5 establécese como obxectivo: “reforzar a xestión económica baseada nos compromisos orzamentarios aprobados polos órganos de goberno e nas normas de execución e control do gasto”. A elaboración deste documento enmárcase no obxectivo de “mellora da xestión económico-financeira” establecida no Plan Operativo de Xestión 2008-2012 no seu eixe de MODERNIZACIÓN E CALIDADE. Para a consecución deste obxectivo dispónse como actuación o deseño e establecemento dun “sistema de rendición de contas que mellore o actual de cara ao seu aliñamento coas estratexias da Universidade e unha maior eficacia na súa execución”.

Ofrecendo unha información obxectiva, concisa, clara e nunha linguaxe comprensible da actuación económico-financeira da Universidade de Vigo preténdese que o principio de transparencia na xestión sexa unha conduta real da institución dirixido a garantir o esforzo colectivo nos obxectivos da institución e un comportamento legal, ético e responsable socialmente.

I. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

I. 1. CRÉDITOS INICIAIS, MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS E CRÉDITOS FINAIS

O orzamento da Universidade de Vigo recolle as obrigas que, como máximo, pode recoñecer a Universidade así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio. O orzamento reflicte, pois, o conxunto de gastos que se pretenden realizar durante o exercicio económico e o detalle de ingresos que se prevén obter para o seu financiamento.

Orzamento de Ingresos

O orzamento inicial do exercicio 2009 foi aprobado por un importe de 182.217.836 €. Na primeira columna do cadro 1 se recollen os créditos iniciais por capítulos aprobados no orzamento de 2009.

Cadro 1. Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2009 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.770.018	573.135	16.343.153
IV. Transferencias e subvencións correntes	111.979.609	1.399.296	113.378.905
V. Ingresos patrimoniais	1.185.000	0	1.185.000
OPERACIÓNS CORRENTES	128.934.627	1.972.431	130.907.058
VII.-Transferencias e subvencións capital	34.309.274	544.268	34.853.542
OPERACIÓNS DE CAPITAL	34.309.274	544.268	34.853.542
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	163.243.901	2.516.699	165.760.600
VIII. Variación de activos financeiros	18.973.935	19.415.656	38.389.591
IX. Variación de pasivos financeiros	0	0	0
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	18.973.935	19.415.656	38.389.591
TOTAL	182.217.836	21.932.355	204.150.191

Ao longo do exercicio se realizaron modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 21.932.355 € sobre o orzamento inicial. Na segunda columna do cadro 1 se detallan por capítulos as modificacións orzamentarias realizadas e na terceira columna se reflicten os créditos definitivos, resultado de engadir aos créditos iniciais as modificacións de crédito, e que supoñen unhas previsións definitivas de ingresos de 204.150.191 €. Esta cifra supón un incremento dun 12,4% sobre a cifra inicialmente orzamentada.

A partida máis importante dentro das modificacións é a referida á incorporación de remanentes procedentes do exercicio 2008 que supón 19,41 millóns de euros.

Orzamento de Gastos

Debido ao equilibrio orzamentario, o orzamento definitivo de gastos é idéntico ao de ingresos, 204.150.191 €.

Cadro 2: Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2009 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
I. Gastos de persoal	94.686.294	986.435	95.672.729
II. Gastos correntes en bens e servizos	29.569.581	4.828.709	34.398.290
III. Gastos financeiros	73.003	42.699	115.702
IV. Transferencias correntes	7.319.181	1.801.283	9.120.464
OPERACIÓNS CORRENTES	131.648.059	7.659.126	139.307.185
VI. Investimentos reais	47.786.196	13.455.406	61.241.602
VII. Transferencias capital	0	353.853	353.853
OPERACIÓNS DE CAPITAL	47.786.196	13.809.259	61.595.455
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	179.434.255	21.468.385	200.902.640
VIII. Activos financeiros	90.001	463.970	553.971
IX. Pasivos financeiros	2.693.580	0	2.693.580
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.783.581	463.970	3.247.551
TOTAL	182.217.836	21.932.355	204.150.191

As modificacións de crédito realizadas poden agruparse en tres grandes bloques:

a) Xeracións de crédito por ingresos.

Estas modificacións son consecuencia da achega á universidade de maior importe de ingresos que os orzamentados ou ben de ingresos que non estaban orzamentados e que foron acadados para actuacións específicas. Entre estas xeracións podemos incluír o financiamento acadado para congresos ou outras actividades de investigación, cursos de formación, maior recadación por matrículas, etc. O importe destas modificacións no exercicio 2009 foi de 2.516.699 €.

b) Incorporacións de remanentes.

O importe das incorporacións de remanente de crédito acadou un total de 19.415.656 €, que é o resultado da incorporación de remanentes específicos (proxectos de investigación, departamentos, compromisos que non acadaron a fase O e ingresos específicos, etc.) por un importe de 17.837.857 € e dos expedientes de ampliacións de crédito procedentes do remanente de libre disposición aprobadas polo Consello de Goberno que foron 1.577.799 €.

c) Transferencias de crédito.

Pola súa propia definición as transferencias de crédito son unha suma cero, xa que son traspasos de crédito dunha aplicación orzamentaria a outra, polo tanto o que supón un incremento de crédito na aplicación que recibe implica unha diminución polo mesmo importe na que transfere. O importe das transferencias de crédito foi de 21.078.729 €.

No Cadro 3 móstrase a evolución do orzamento inicial e definitivo da universidade e das modificacións orzamentarias no período 2005 a 2009. Hai que resaltar que o volume das modificacións orzamentarias tende a diminuír tanto en termos absolutos coma relativos.

Cadro 3. Evolución do orzamento e as súas modificacións 2005-2009 (€)

	2005	2006	2007	2008	2009
A. Orzamento inicial	123.163.928	144.360.932	152.435.357	174.183.672	182.217.836
B. Modificacións orzamentarias (B1+B2)	38.269.279	27.450.450	37.418.932	33.368.862	21.932.355
<i>B1. Xeracións de crédito</i>	<i>7.527.327</i>	<i>4.065.494</i>	<i>14.548.697</i>	<i>5.096.409</i>	<i>2.516.699</i>
<i>B2. Incorporación de remanentes</i>	<i>30.741.952</i>	<i>23.384.956</i>	<i>22.870.236</i>	<i>28.272.453</i>	<i>19.415.656</i>
<i>B3. Transferencias de crédito</i>	<i>14.743.293</i>	<i>15.915.050</i>	<i>19.727.518</i>	<i>20.463.717</i>	<i>21.078.729</i>
C. Orzamento definitivo (A+B)	161.433.207	171.811.382	189.854.289	207.552.534	204.150.191

O volume de modificacións orzamentarias deberá diminuír nos próximos exercicios coa mellora do sistema de elaboración dos orzamentos e as medidas de flexibilización da xestión orzamentaria tomadas a partir do orzamento 2009.

I.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

O apartado anterior permitiu coñecer o orzamento definitivo da Universidade de Vigo engadindo ás previsións iniciais as modificacións realizadas ao longo do exercicio. Neste apartado determinarase o grao de cumprimento do orzamento. Para isto cómpre cuantificar os dereitos e as obrigas recoñecidas así como o saldo e o resultado orzamentario.

Os **dereitos recoñecidos** netos son os créditos existentes a favor da Universidade de Vigo, que poden estar xa recadados, ou ben recoñecidos e pendentes de cobro, segundo o principio de devengo utilizado na contabilidade do orzamento de ingresos. Como se observa no Cadro 5, os dereitos recoñecidos netos ascenderon en 2009 a 176.923.253 €. Destes se recadaron durante o ano 153.795.139 €, quedando pendentes de cobro a 31 de decembro de 2009 un importe de 23.109.879 €.

As **obrigas contraídas** netas son as contraídas pola Universidade de Vigo como consecuencia da realización de gastos correntes ou de capital e, como pode comprobarse no cadro 7, ascenderon en 2009 a 167.239.407 €, dos que se pagaron a 31 de decembro 161.906.307 €, quedando pendentes de pago 5.333.100 €.

Outros dous conceptos importantes son o **saldo orzamentario** e o **resultado orzamentario**. O **Resultado orzamentario** é a diferenza entre a totalidade dos dereitos recoñecidos netos durante o exercicio e a totalidade das obrigas recoñecidas netas do mesmo exercicio, exceptuando os pasivos financeiros. No exercicio 2009 o **resultado orzamentario** ascende a **7.759.838 €**.

O saldo orzamentario obtense engadindo ao resultado orzamentario a variación dos pasivos financeiros. Durante o exercicio 2009 existiu unha variación positiva dos Pasivos Financeiros de 1.905.774 €, sendo o **saldo orzamentario** do exercicio positivo e acadando un valor de **9.665.612 €**.

Se ao saldo orzamentario lle sumamos os créditos gastados con cargo a remanentes de tesourería, 38.389.591 €, obtense o **superávit do exercicio** que no 2009 ascendeu a cantidade de **48.055.202 €**. No cadro 4 se recollen estes resultados.

Cadro 4. Saldo orzamentario. Ano 2009 (€)

Conceptos	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas contraídas netas	Diferencia
1. (+) Operacións non financeiras	173.302.538	165.082.365	8.220.174
2. (+) Operacións con activos financeiros	47.564	507.900	-460.336
I. Resultado orzamentario do exercicio (1+2)	173.350.102	165.590.265	7.759.838
II. Variación neta de pasivos financeiros	3.554.917	1.649.142	1.905.774
III. Saldo orzamentario do exercicio (I+II)			9.665.612
(+) Créditos gastados con cargo a remanentes de tesourería			38.389.591
IV. Superávit do exercicio			48.055.202

Grao de execución do orzamento

Para coñecer o grao de execución do orzamento de ingresos debemos comparar os dereitos recoñecidos cos créditos definitivos consignados no orzamento. De xeito análogo, para coñecer o grao de execución do orzamento de gastos debemos comparar as obrigas recoñecidas cos créditos definitivos consignados no orzamento. Nos cadros 5 e 7 realízase esta comparación, figurando na última columna dos mesmos o grao de execución correspondente.

- Orzamento de Ingresos

Os dereitos recoñecidos netos ascenderon a 176.923.253 € que postos en relación co orzamento definitivo sen remanentes de tesourería incorporados que é de 165.760.600 €, dá un grao de execución do orzamento de ingresos de un 106,73%. Isto ven significar que se recoñeceron máis dereitos que os previstos no orzamento definitivo da Universidade. Vexamos como foi o grao de execución polos distintos capítulos de ingresos.

Nos ingresos correntes o grao de execución foi moi elevado, acadando un 106,55%. Debe destacarse o comportamento positivo das taxas, prezos públicos e outros ingresos, cun grao de execución dun 160,19%, ligado á mellora na xestión económico-administrativa da Universidade e que compensa o comportamento dos restantes apartados. Destacar o carácter extraordinario do dato, ligado ao recoñecemento da facenda pública da debida xerada polos ingresos indebidos do I.V.E. nos exercicios 2005 a 2009.

Nas operacións de capital (transferencias e subvencións de capital) o grao de execución tamén é alto acadando un 97,10%. O grao de execución do orzamento de ingresos non financeiros da universidade foi dun 104,56%.

Ao sumar as operacións financeiras, correspondentes ás variacións de activos e pasivos financeiros, acádase o grao de execución do 106,73% sen ter en conta os remanentes de tesourería.

Cadro 5. Dereitos recoñecidos do orzamento de ingresos da Universidade de Vigo.
Ano 2009 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Dereitos recoñecidos	Grao de Execución
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16.343.153	26.179.723	160,19%
IV. Transferencias e subvencións correntes	113.378.905	112.744.988	99,44%
V. Ingresos patrimoniais	1.185.000	554.629	46,80%
OPERACIÓNS CORRENTES	130.907.058	139.479.340	106,55%
VII.-Transferencias e subvencións capital	34.853.542	33.841.433	97,10%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	34.853.542	33.841.433	97,10%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	165.760.600	173.320.773	104,56%
VIII. Variación de activos financeiros (sen remanentes de tesourería)	0	47.564	--
IX. Variación de pasivos financeiros	0	3.554.917	--
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0	3.602.481	--
TOTAL (sen remanentes de tesourería)	165.760.600	176.923.253	106,73%
VIII. Variación de activos financeiros (só remanentes de tesourería)	38.389.591	--	--
TOTAL	204.150.191	--	--

Cadro 6. Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2005-2009 (€)

	2005	2006	2007	2008	2009
Dereitos recoñecidos (A)	122.340.529	144.486.365	152.404.109	168.846.902	176.923.253
Orzamento definitivo (B)	161.433.207	171.811.381	189.854.289	207.552.534	204.150.191
% de execución: (A)/(B)	75,80%	84,10%	80,30%	81,40%	86,66%
Orzamento definitivo(C) (excepto remanentes)	125.991.254	144.626.426	151.698.552	166.894.747	165.760.600
% de execución: (A)/(C)	97,10%	99,90%	100,50%	101,20%	106,73%

A evolución desde o ano 2005 mostra unha mellora continua do nivel de execución do orzamento de ingresos, por outra banda a evolución do nivel de execución do orzamento de ingresos sempre foi alto pero nos últimos exercicios supera o 100%.

- Orzamento de Gastos

No que se refire ao grao de execución do orzamento de gastos, este acada un valor medio do 81,92%.

Se facemos a comparativa por capítulos a maior porcentaxe de execución correspóndelle ao Capítulo I ,“Gastos de persoal”, cun 99,95% (coa salvedade do Capítulo III de menor relevancia económica), mentres que o Capítulo VI, “Investimentos reais”, acada o 56,63%, resultado que está moi acorde co devir da universidade, xa que os custos de persoal non se poden diferir, mentres que a realización de obras e compras de subministracións referidas a proxectos de investigación esixen, para a súa execución, un período de tempo superior ao exercicio económico e adoitan realizarse co discurrir do curso académico e non do ano orzamentario. Así mesmo, resulta habitual na execución das obras a existencia de retrasos sobre a programación prevista, o que provoca o traslado de parte do gasto comprometido ao exercicio seguinte a través dos remanentes de crédito.

Cadro 7. Obrigas contraídas do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2009 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Obrigas contraídas	Grao de Execución
I. Gastos de persoal	95.672.729	95.625.494	99,95%
II. Gastos correntes en bens e servizos	34.398.290	28.015.119	81,44%
III. Gastos financeiros	115.702	115.700	100,00%
IV. Transferencias correntes	9.120.464	6.289.046	68,96%
OPERACIÓNS CORRENTES	139.307.185	130.045.358	93,35%
VI. Investimentos reais	61.241.602	34.683.153	56,63%
VII. Transferencias de capital	353.853	353.853	100,00%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	61.595.455	35.037.006	56,88%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	200.902.640	165.082.365	82,17%
VIII. Activos financeiros	553.971	507.900	91,68%
IX. Pasivos financeiros	2.693.580	1.649.142	61,22%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.247.551	2.157.042	66,42%
TOTAL	204.150.191	167.239.407	81,92%

Dada a posibilidade, establecida nas Normas de Execución do orzamento, de incorporar os créditos que se atopan en fase D de compromiso de gasto (con este documento vincúlase á Universidade a realizar un gasto concreto e de contía determinada), convén observar o grao de execución do orzamento tendo en conta se o crédito quedou comprometido (Cadro 8).

O gasto comprometido ascendeu a 176.831.602 €, o que supón un 86,62% do orzamento definitivo. Deste gasto comprometido, un 94,58% é gasto obrigado, polo que se atopa en Fase O de recoñecemento da obriga (cando o terceiro que contratou ca Universidade realizou a prestación á que se comprometeu).

A execución do orzamento, desde este punto de vista, aumenta en cerca de 5 puntos respecto ao gasto obrigado, debido á mellora na execución dos gastos non financeiros.

Cadro 8. Créditos dispostos do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2009 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Créditos dispostos	Grao de Execución
I. Gastos de persoal	95.672.729	95.627.391	99,95%
II. Gastos correntes en bens e servizos	34.398.290	30.683.723	89,20%
III. Gastos financeiros	115.702	115.700	100,00%
IV. Transferencias correntes	9.120.464	7.784.978	85,36%
OPERACIÓNS CORRENTES	139.307.185	134.211.792	96,34%
VI. Investimentos reais	61.241.602	40.108.915	65,49%
VII. Transferencias de capital	353.853	353.853	100,00%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	61.595.455	40.462.768	65,69%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	200.902.640	174.674.560	86,94%
VIII. Activos financeiros	553.971	507.900	91,68%
IX. Pasivos financeiros	2.693.580	1.649.142	61,22%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.247.551	2.157.042	66,42%
TOTAL	204.150.191	176.831.602	86,62%

No Cadro 9 pode observarse a evolución do nivel de execución do orzamento de gastos desde o ano 2005. Tendo en conta as obrigas recoñecidas, a execución do orzamento tense movido entre o 75-77% do orzamento agás nos dous últimos exercicios onde a execución rolda o 82%.

Cadro 9. Evolución do grao de execución do orzamento de gastos 2005-2009 (€)

	2005	2006	2007	2008	2009
A. Obrigas contraídas	124.801.518	129.920.188	145.456.901	171.232.864	167.239.407
B. Orzamento definitivo	161.433.207	171.811.381	189.854.289	207.552.534	204.150.191
% de execución (A/B)	77,30%	75,60%	76,60%	82,50%	81,90%
C. Créditos comprometidos	136.956.559	142.480.127	160.043.080	183.027.439	176.831.603
% de execución (C/B)	84,80%	82,90%	84,30%	88,20%	86,60%

Comparativa dos ingresos respecto ao ano anterior

Os ingresos da universidade teñen un crecemento dun 4,78%, pero non todas as partidas compórtanse igual, así apréciase un forte crecemento na partida “Taxas, prezos públicos e outros ingresos”, e un moderado crecemento das transferencias correntes e os ingresos procedentes de anticipos e préstamos MEC, o cal compensa a caída dos ingresos patrimoniais e as transferencias de capital.

Cadro 10. Comparativo dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2009 e 2008 (€)

Capítulos	2009	2008	% de variación
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	26.179.723	17.288.913	51,42%
IV. Transferencias e subvencións correntes	112.744.988	110.356.048	2,16%
V. Ingresos patrimoniais	554.629	2.107.761	-73,69%
OPERACIÓNS CORRENTES	139.479.340	129.752.722	7,50%
VII.-Transferencias e subvencións capital	33.841.433	37.070.003	-8,71%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	33.841.433	37.070.003	-8,71%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	173.320.773	166.822.725	3,90%
VIII. Variación de activos financeiros	47.564	36.931	28,79%
IX. Variación de pasivos financeiros	3.554.917	1.987.245	78,89%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.602.481	2.024.176	77,97%
TOTAL	176.923.253	168.846.901	4,78%

No Cadro 11 pode observarse a evolución dos ingresos globais da universidade desde o 2005, apréciase que os ingresos teñen unha evolución crecente, con exercicios con taxas de forte crecemento e outros con taxas máis modestas. O exercicio 2009 cun crecemento do 4,78% , na situación de crise na que nos encontramos, acádase un resultado moi positivo.

Cadro 11. Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2005 a 2009 (€)

	2005	2006	2007	2008	2009
Ingresos (dereitos recoñecidos)	122.340.529	148.852.850	152.404.109	168.846.901	176.923.253
% variación anual	0,00%	21,67%	2,39%	10,79%	4,78%

Comparativa dos gastos respecto ao ano anterior

Polo que respecta ao gasto, as obrigas contraídas descenden a 167.239.407 €, cun decrecemento próximo aos catro millóns de euros respecto do 2008, o que supón, en termos porcentuais, unha variación negativa do 2,33%. Neste comportamento danse dúas situacións:

- Por unha banda que a partida cun decrecemento máis significativo é a do gasto en investimentos reais en -15,53 M € o que supón o 30,9% de decrecemento respecto do ano 2008. Sinalar que no exercicio producéronse cambios no criterio de imputación de determinados gastos que axudaron nesta tendencia.
- Por outra que as partidas de gastos en persoal, bens correntes e servizos e transferencias correntes teñen incrementos significativos, moi por riba da variación de prezos. Sinalar que no exercicio repercutíronse os custos do novo convenio laboral.

Cadro 12. Comparativo dos gastos (obrigas contraídas). Anos 2009 e 2008 (€)

Capítulos	2009	2008	% de variación
I. Gastos de persoal	95.625.494	86.016.640	11,17%
II. Gastos correntes en bens e servizos	28.015.119	25.609.512	9,39%
III. Gastos financeiros	115.700	121.116	-4,47%
IV. Transferencias correntes	6.289.046	5.465.380	15,07%
OPERACIÓNS CORRENTES	130.045.358	117.212.649	10,95%
VI. Investimentos reais	34.683.153	50.210.803	-30,92%
VII. Transferencias de capital	353.853	0	--
OPERACIÓNS DE CAPITAL	35.037.006	50.210.803	-30,22%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	165.082.365	167.423.452	-1,40%
VIII. Activos financeiros	507.900	1.761.414	-71,17%
IX. Pasivos financeiros	1.649.142	2.047.998	-19,48%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.157.042	3.809.412	-43,38%
TOTAL	167.239.407	171.232.864	-2,33%

No Cadro 13 pode observarse a evolución dos gastos globais da universidade desde o 2005. Neste exercicio córtase a traxectoria de crecemento sostido de anteriores exercicios.

Cadro 13. Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2005 a 2009 (€)

	2005	2006	2007	2008	2009
Gastos (obrigas contraídas)	124.781.518	129.920.188	145.456.902	171.232.864	167.239.407
% variación anual	0,00%	4,12%	11,96%	17,72%	-2,33%

Polo que respecta á partida máis importante en termos de volume, os **gastos de persoal**, o seu importe acadou no 2009 os 95.625.494 €, o que supón un incremento de máis de 9.608.853 € en termos absolutos e un incremento porcentual case que do 11,17% respecto do ano 2008 (ver Cadro 14).

Cadro 14. Gasto de persoal (obrigas contraídas no 2009). Anos 2009 e 2008 (€)

Denominación	2009	Importe da variación s/ 2008	% de variación s/ 2007	2008
Altos cargos e persoal eventual	508.739	65.953	14,90%	442.786
Funcionarios	53.772.012	3.494.510	6,95%	50.277.502
Laborais	11.300.512	2.687.086	31,20%	8.613.427
Outro Persoal	17.684.978	1.958.105	12,45%	15.726.874
Incentivos ao rendemento	701.448	72.516	11,53%	628.932
Gastos Sociais	11.657.804	1.330.684	12,89%	10.327.120
TOTAL	95.625.494	9.608.853	11,17%	86.016.640

Nesta evolución temos que ter en conta que no 2009 fíxose fronte a:

- Conforme se indicaba na memoria de 2008, 960.472 € de gasto de persoal correspondente ao exercicio 2008 imputáronse á execución do orzamento do exercicio 2009, axuste que só afectou ás partidas de retribucións de persoal laboral.
- O abono dos atrasos correspondentes a contía adicional do complemento específico de xuño e decembro do exercicio 2008 ao persoal docente, os cales eleváronse a 521.397,30 €.
- Os custos do acordo de homoxeneización salarial acadado no AGA co persoal PAS laboral, o cal só nos atrasos correspondentes aos exercicios 2007, 2008 e 2009 implicou un abono de 443.465,43 €.

As dúas últimas situacións implican, a súa vez, unha consolidación de gasto por eses conceptos ao longo do exercicio.

O **gasto en bens e servizos correntes** alcanzou un importe de 28.015.119 €, cun incremento de 2.405.607 € respecto ao 2008 e unha variación porcentual dun 9,39%. Os maiores incrementos en termos absolutos danse nas partidas de arrendamentos e de material, subministracións e outros. Neste último caso

o axuste dos criterios de imputación do gasto fixo que conceptos antes tramitados a través do capítulo VI de inversión pasarán a pagarse polo capítulo II de bens e servizos correntes.

Cadro 15. Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2009 e 2008 (€)

Denominación	2009	Importe da variación s/ 2008	% de variación s/ 2008	2008
Arrendamentos	275.447	253.311	1144,33%	22.136
Reparacións e conservación	3.807.913	264.525	7,47%	3.543.388
Material, subministracións e outros	21.482.961	1.739.127	8,81%	19.743.834
<i>Material de oficina</i>	863.101	-27.179	-3,05%	890.281
<i>Subministracións</i>	4.075.343	103.011	2,59%	3.972.332
<i>Gastos diversos</i>	1.941.521	595.502	44,24%	1.346.019
<i>Comunicacións</i>	680.977	680.977	--	0
<i>Primas de seguro</i>	185.337	185.337	--	0
<i>Traballos realizados por outras empresas</i>	8.455.607	3.051.768	56,47%	5.403.840
<i>Cursos e conferencias</i>	3.726.961	186.654	5,27%	3.540.308
<i>Actividades culturais e deportivas</i>	1.405.069	88.215	6,70%	1.316.855
<i>Resto</i>	149.044	-3.125.158	-95,45%	3.274.202
Indemnización por razón de servicio	795.637	89.938	12,74%	705.699
Concertos e programas de cooperación	936.508	-15.317	-1,61%	951.825
Publicacións	160.429	50.575	46,04%	109.854
Plan de Calidades Docente	556.225	23.448	4,40%	532.776
TOTAL	28.015.119	2.405.607	9,39%	25.609.512

Os **gastos financeiros** (capítulo III) ascenderon a 115.700 € e corresponden principalmente a xuros de demora e outros gastos financeiros, seguen a ter un baixo importe no orzamento de gastos e con tendencia a decrecer.

O **gasto en transferencias correntes** alcanzou un importe de 6.289.046 €, cun incremento de 823.665 € respecto ao 2008 e unha variación porcentual dun 15,07% (ver Cadro 16). Dentro desta partida, os fondos que se destinaron a bolsas foron 3.040.823 €, cun crecemento dun 6,48% respecto ao 2008. As transferencias destinadas a convenios con outras entidades públicas 942.063 € e unha variación respecto ao ano anterior dun 16,43%. Por último, segue a destacar o importante e crecente volume de fondos destinados á mobilidade de estudantes e de persoal (ERASMUS, SENECA, etc.) que teñen un importe 2.306.160 € cun crecemento dun 28,08% respecto ao ano anterior, sendo a partida que

experimenta un maior crecemento, e que reflicte o compromiso da Universidade con esta liña de acción nunha situación económica desfavorable.

Cadro 16. Gasto en transferencias correntes. Anos 2009 e 2008 (€)

Denominación	2009	Importe da variación s/ 2008	% de variación s/ 2008	2008
Transferencias a entidades publicas	942.063	132.948	16,43%	809.114
Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)	3.040.823	185.113	6,48%	2.855.710
Transferencias ao exterior (intercambios ERASMUS, LIG, etc)	2.306.160	505.604	28,08%	1.800.556
TOTAL	6.289.046	823.665	15,07%	5.465.380

O **gasto en investimentos** no 2009 alcanza os 34.683.153 €, cun decrecemento dun 30,92% respecto ao 2008 (ver Cadro 17). Neste decrecemento ten que ver a minoración do ritmo construtivo da nova infraestrutura de investigación e, en xeral, o menor volume de contratación de nova infraestrutura material: -16.329.393€ (-54,49%).

O comportamento dos gastos en investimentos de carácter inmaterial é diametralmente oposto, acadando os 21.241.630 €, cun crecemento moderado dun 3,96% respecto ao 2008 (+801.743€).

Cadro 17. Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2009 e 2008 (€)

Denominación	2009	Importe da variación s/ 2008	% de variación s/ 2008	2008
Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos	13.639.780	-16.329.393	-54,49%	29.969.173
<i>Edificios e outras construcións</i>	6.190.438	24.716	0,40%	6.165.723
<i>Bens de equipo</i>	7.449.341	1.066.382	16,71%	6.382.960
<i>Infraestrutura Investigación</i>	0	-6.070.712	-100,00%	6.070.712
<i>Infraestrutura FEDER</i>	0	-11.349.779	-100,00%	11.349.779
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	21.043.373	801.743	3,96%	20.241.630
TOTAL	34.683.153	-15.527.650	-30,92%	50.210.803

Se se analizan os datos desde o punto de vista dos gastos comprometidos o decrecemento modérase, tal e como pode apreciarse no cadro 18.

Cadro 18. Gasto en investimentos (gasto comprometido). Anos 2009 e 2008 (€)

Denominación	2009	Importe da variación s/ 2008	% de variación s/ 2008	2008
Investimentos asociados ao funcionamento dos servicios	18.952.476	-17.376.390	-47,83%	36.328.866
<i>Edificios e outras construcións</i>	<i>10.246.663</i>	<i>2.552.125</i>	<i>33,17%</i>	<i>7.694.538</i>
<i>Bens de equipo</i>	<i>8.705.813</i>	<i>539.808</i>	<i>6,61%</i>	<i>8.166.005</i>
<i>Infraestrutura Investigación</i>	<i>0</i>	<i>-8.383.111</i>	<i>-100,00%</i>	<i>8.383.111</i>
<i>Infraestrutura FEDER</i>	<i>0</i>	<i>-12.085.212</i>	<i>-100,00%</i>	<i>12.085.212</i>
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	21.156.439	288.994	1,38%	20.867.446
TOTAL	40.108.915	-17.087.396	-29,87%	57.196.311

Dentro dos **gastos en activos financeiros** (capítulo VIII) recóllense operacións financeiras de préstamo ou participación en entidades e, nesta partida, apréciase unha minoración con respecto ao exercicio 2008 de 1.253.514 € (-71,17%).

Dentro dos **gastos en pasivos financeiros** (capítulo IX) recóllense a devolución de préstamos recibidos que no caso da Universidade de Vigo corresponden á devolución dos préstamos MEC sen xuros para o financiamento de gastos de I+D. Estas devolucións ascenderon no exercicio 2009 a 1.649.142 €, o que implica unha minoración do -19,48% con respecto ao 2008.

I.3. OPERACIÓNS DE EJERCICIOS PECHADOS

No exercicio 2009 leváronse a cabo operacións que correspondían ao exercicio 2008, tanto de cobro ou anulación de dereitos como de pago de obrigas.

Os dereitos de cobro ao inicio do exercicio ascendían a 18.738.388 €, durante o exercicio eses dereitos incrementáronse en 5.289.761 € e minoráronse en 442.841 €. Ao longo do exercicio recadáronse 22.582.836 €, e quedaron pendentes por cobrar 1.002.471 €.

As obrigas pendentes de pago ao inicio do exercicio 2009 ascendían a 3.070.321 €. Todas elas foron pagadas ao longo do exercicio 2009.

I.4. REMANENTE DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería é unha magnitude financeira que reflicte o exceso ou o déficit de financiamento a curto prazo nunha data determinada, neste caso a fin do exercicio económico. En termos moi xenéricos pódese definir como unha magnitude de carácter financeiro que representa a liquidez a curto prazo que ten a entidade na data de peche do exercicio. Neste senso, o seu importe virá dado pola diferenza entre os créditos a curto prazo, as débedas a curto prazo e, a todo isto, se lle suma as disponibilidades líquidas.

No ámbito da contabilidade das entidades sometidas a réxime orzamentario, o remanente de tesourería ten carácter de recurso orzamentario. Desde o punto de vista orzamentario, o remanente de tesourería podémolo definir como a acumulación de excedentes orzamentarios obtidos ao longo do tempo.

Para o cálculo desta magnitude existen dous procedementos, o denominado por tesourería e o denominado por orzamento, en ámbolos dous casos o importe obtido é o mesmo.

No Cadro 19 preséntase o cálculo polo método de tesourería. O remanente obtense como resultado da diferenza entre os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago, sexan do exercicio corrente ou de exercicios pechados, e sumando a este resultado a tesourería existente a 31 de decembro. Así mesmo, no Cadro 20 preséntase o remanente de tesourería por orzamentos, obténdose como a suma do saldo orzamentario do exercicio máis as anulacións de operacións orzamentarias e deducindo as anulacións dos dereitos orzamentarios pechados.

Cadro 19. Remanente de tesourería da UVigo. Anos 2009 e 2008 (€). Cálculo realizado polo método de tesourería

Conceptos	2009	2008
1. (+) Dereitos pendentes de cobro	33.337.978,69	20.035.583
- (+) do orzamento corrente	23.109.879,47	17.709.623
- (+) de orzamentos pechados	1.002.471,34	1.028.765
- (+) de operacións non orzamentarias	9.246.339,80	1.315.067
- (+) de operacións comerciais	0,00	0
- (-) cobros pendentes de aplicación	20.711,92	17.872
2. (-) Obrigacións pendentes de pagamento	11.117.828,63	9.438.979
(-) (+) do orzamento corrente	5.333.099,98	3.070.321
(-) (+) de orzamentos pechados	5.155,65	0
(-) (+) de operacións non orzamentarias	4.353.331,42	4.383.102

(-) (+) de operacións comerciais	0,00	0
(-) (+) obrigacións pendentes de aplicar ó orzamento	1.426.241,58	1.985.555
3. (+) Fondos líquidos	44.521.251,24	41.130.594
Saldos de dubidoso cobro	1.038.374,28	472.010
TOTAL REMANENTE TESOURERÍA (1-2+3)	65.703.027,02	51.255.189
I. Remanentes de Tesourería comprometido	61.027.665,63	41.896.087
II. Remanentes de Tesourería non afectado	4.675.361,39	9.359.102
III. Remanentes de Tesourería total = (I + II)	65.703.027,02	51.255.189

O resultado é un remanente de tesourería por importe de 65.703.027 €, dos cales 61.027.665 € forman parte do remanente de tesourería afectado. Este remanente unicamente poderá empregarse para dar cobertura aos gastos para os cales se atopan afectados. Os 4.675.361 € restantes conforman o remanente non afectado. Este remanente pode ser empregado pola Universidade para o financiamento do orzamento de gastos do exercicio seguinte e tamén para financiar modificacións de crédito con cargo ao mesmo.

Cadro 20. Remanente de tesourería da UVigo. Ano 2009 (€). Cálculo realizado polo método de orzamentos.

Conceptos	Importes
Dereitos recoñecidos netos	176.923.253,45
Incremento de dereitos pechados	5.289.760,50
Diminución de dereitos pechados	442.840,69
Devolución de ingresos pendentes de pagar	5.155,65
Total dereitos	181.765.017,61
Obrigas recoñecidas	167.239.407,03
Obrigas pendentes de imputar ao orzamento	1.426.241,58
Total obrigas	168.665.648,61
Minoración debedores de dubidoso cobro	-566.364,34
Remanente do exercicio anterior	51.255.188,71
Obrigas do exercicio anterior imputadas ao orzamento 2009	1.985.555,46
Obrigas da conta fianzas	64.860,43
Reintegros das contas de pagos a xustificar	5.597,89
Axustes orzamento	263,49
Remanente de tesourería	65.703.027,02

Polo que respecta a súa evolución, o remanente total de tesourería incrementouse con respecto ao do exercicio precedente, se ben diminuíu o non afectado, sendo a orixe principal a necesidade de financiamento para o exercicio 2010.

II. OPERACIONES EXTRA-ORZAMENTARIAS

Segundo a norma contable, poderán xestionarse e contabilizarse como operacións extra-orzamentarias aquelas nas que a actividade da Universidade se limite á realización de función de intermediación na súa xestión. Estas operacións extra-orzamentarias inclúen tanto pagos como ingresos realizados pola Universidade de Vigo, pero que non se aplican ao orzamento xa que a institución actúa como un mero intermediario.

II.1. Debedores extra-orzamentarios

O importe dos debedores extra-orzamentarios a 31 de decembro acadou un total de 9.770.321 €, tal e como se detalla no cadro 21. Polo seu importe destacan os seguintes conceptos:

- Facenda Publica debedora polas reclamacións de devolución do I.V.E. indebidamente ingresado nos exercicios 2005 a 2008, máis a liquidación do I.V.E. correspondente ao exercicio 2009.
- Debedores por I.V.E. repercutido. Fai referencia á liquidación realizada ante a Facenda Pública polo imposto sobre o valor engadido. En concreto, se corresponde con facturas emitidas pola Universidade de Vigo e liquidadas ante a Facenda Pública, pero que están pendentes de cobro a 31 de decembro de 2009 (cando se emite a factura é preceptivo liquidar o IVE correspondente, no momento en que se cobre a factura se recupera o IVE anticipado). O seu importe ascende a 272.127 €.
- Debedores por préstamo e anticipos. Refírese ás cantidades anticipadas ao persoal da Universidade, que se recuperan posteriormente nas nóminas mensuais e que supón 168.764 €.
- Fianzas. Correspóndese coas fianzas esixidas nos Xulgados correspondentes a diversas reclamacións xudiciais pendentes de resolución.

Cadro 21. Debedores extra-orzamentarios da UVigo a 31/12/2009 (€)

Concepto	Importe
Facenda Publica debedora de IVE	8.770.321
Debedores por IVE repercutido	272.127
Debedores por préstamo e anticipos (persoal)	168.764
Fianzas presentadas (por reclamacións xudiciais)	190.787
Resto (pequenos importes por diversas actividades)	35.110
Total	9.437.109

II.2. Acredores extra-orzamentarios

O importe dos acredores extra-orzamentarios acadou un total de 4.353.598 €, tal e como se recolle no cadro 22. O reparto por orden de importancia é o seguinte:

1. Facenda Pública I.R.P.F.. Correspóndese cos importes que a Universidade retivo por pagos ao persoal no mes de decembro de 2008 e que están pendentes de liquidar á Facenda Pública xa que o prazo finaliza o 20 de xaneiro do 2010. Ascende a 2.406.599€.
2. Seguridade Social. Recolle os descontos aos traballadores neste concepto pendentes de liquidar á Seguridade Social e ascenden a 1.258.313 €.
3. MUFACE.
4. Dereitos Pasivos.
5. Bolsas por conta do MEC. Recolle os reintegros do Ministerio de Educación por importe de 208.312 €.
6. Resto. Recolle pequenos importes por diversas actuacións como, por exemplo, o IVE intracomunitario. Ascende a 221.874 €.

Cadro 22. Acredores extra-orzamentarios da UVigo a 31/12/2009 (euros)

Concepto	Importe
Facenda Pública I.R.P.F.	2.406.599
Seguridade Social	1.258.313
MUFACE	78.661
Dereitos Pasivos	179.838
Bolsas por conta MEC	208.312
Resto	221.874
Total	4.353.598

III. SITUACIÓN ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO

III.1. RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL E RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO

A conta de resultado económico patrimonial é un estado económico-financieiro onde se amosa o resultado da actividade económica da Universidade. Determinábase pola diferenca entre os ingresos (haber) e os gastos (debe) do mesmo período. Este resultado pode ser un aforro se os ingresos superan aos gastos ou un desaforro se ocorre o contrario. A presentación dos ingresos e gastos neste estado defire de cómo se presentan no orzamento. Na contabilidade financeira existen operacións como as provisións que non se rexistran na contabilidade orzamentaria e ademais hai que aplicar o principio de correlación de ingresos e gastos, o que leva a facer axustes temporais nos fluxos de ingresos e gastos. A normativa obriga a que se especifiquen as cifras do exercicio corrente máilas do exercicio anterior.

A Conta de Resultados da Universidade de Vigo a 31 de decembro de 2009 está formada polas partidas que se recollen no Cadro cun resultado positivo de 12.927.037 € e lixeiramente menor ao do exercicio 2008 no que se acadara un resultado positivo de 14.410.437 €.

Cadro 23. Conta de resultados da UVigo 2009-2008 (€)

DEBE			HABER		
Concepto	2009	2008	Concepto	2009	2008
A) GASTOS	166.204.434	153.896.656	B) INGRESOS	179.131.471	168.307.092
3. Gastos funcionamento	159.486.549	148.297.913	1. Ventas e prestacións servizos	17.102.853	17.147.816
a) Gastos de persoal	94.750.279	87.388.678	b) Prestacións de servizos	17.102.853	17.147.816
a.1) Soldos e asimilados	83.090.818	76.692.318	b.2) Prezos públicos por prestacións de servizos	17.068.905	17.098.750
a.2) Cargas sociais	11.659.461	10.696.360	b.3) Prezos públicos por aprov. Dom. Pub.	33.948	49.065
c) Dotación amortizacións inmovilizado	32.906.684	33.052.959	4. Outros ingresos de xestión ordinaria	1.189.389	2.279.835
d) Variación provisións por tráfico.	988.486	268.474	a) Reintegros	113.040	88.616
d.2) Variación provisións e perdas ctos incobrables	988.486	268.474	c) Outros ingresos de xestión	589.278	171.177
e) Outros gastos de xestión	30.226.431	27.314.460	c.1) Ingresos accesorios e outros	589.278	171.177
e.1) Servizos exteriores	30.138.176	27.292.677	f) Outros intereses e ingresos asimilados	487.071	2.020.025
e.2) Tributos	75.062	21.083	f.1) Outros intereses	487.071	2.020.025
e.3) Outros gastos de xestión contable	13192	700	g) Diferencias de cambio	0	16
f) Gastos financeiros e asimilables	115.700	121.116	5. Transferencias e subvencións	146.779.148	147.591.628
f.1) Por débedas	115.700	121.116	a) Transferencias correntes	423.800	590.420
g) Variación de prov.inver.financieras	498.970	152.225	b) Subvencións correntes	112.320.999	109.803.956
4. Transferencias y subvenciones	6.607.311	5.450.472	c) Transferencias de capital	1.985.616	1.671.152
b) Subvencións correntes	6.253.457	5.450.472	d) Subvencións de capital	32.048.732	35.526.099
d) Subvencións capital	353.853		6. Ganancias e ingresos extraordinarios	14.060.082	1.287.814
5. Perdas e gastos extraordinarios	110.575	148.270	c) Ingresos extraordinarios	8.770.321	0
a) Perdas de inmovilizado	84.813	94.352	d) Ingresos e beneficios de outros exercicios	5.289.761	1.287.814
d) Gastos e perdas doutros exercicios	25.762	53.918			
AFORRO	12.927.037,40	14.410.437	DESAFORRO		

III.2. BALANCE DE SITUACIÓN A 31/12/2009

O Balance é un estado económico-financieiro onde se amosa a situación patrimonial da Universidade a 31 de decembro de 2009. Por unha banda, no Activo reflíctense os activos e dereitos ao seu favor ordenados de menor a maior liquidez. Por outra, no Pasivo reflíctense as fontes que financian o activo ordenados de menor a maior esixibilidade. Tamén neste caso a normativa esixe que se especifiquen as cifras do exercicio corrente mailas do exercicio anterior.

Un resumo por grandes masas patrimoniais do balance móstrase no Esquema 1. O **activo** é o conxunto de bens e dereitos que son propiedade da universidade. Os activos teñen un valor a 31 de decembro de 2009 de 311.688.499 €. Dentro dos activos temos:

- O **inmobilizado** que é o conxunto de elementos patrimoniais que teñen carácter permanente y que non están destinados á venda (edificios, maquinaria, investimentos financeiros estables, etc). O valor do immobilizado neto é de 232.922.832 €, que representa o 74,73% dos activos.

- O **activo circulante** é o conxunto de bens e dereitos que son líquidos ou que poden converter en líquidos nun prazo inferior a un ano (existencias, débedas a cobrar, tesourería, etc.). O activo circulante ten un valor de 78.765.667 € e representa o 25,27% do activo total.

Esquema 1. Balance por grandes masas patrimoniais do Balance de Situación a 31/12/2009 da Uvigo.

ACTIVO 311.688.499 €	INMOBILIZADO 232.922.832 €	FONDO DE MANOBRA 53.995.709 €	RECURSOS PERMANENTES 286.918.541 €	FONDOS PROPIOS 271.107.578 €
	ACTIVO CIRCULANTE 78.765.667 €		PASIVO A L. P. 15.810.963 €	PASIVO CIRCULANTE 24.769.958 €

Os activos da universidade son financiados mediante:

- **Fondos propios** que é o valor do financiamento propio e non esixible por terceiros (patrimonio inicial, patrimonio cedido, aforro neto producidos en cada exercicio, etc). Expresado doutra forma, os

fondos propios da universidade serían a diferenza entre o valor do seu activo (bens e dereitos da súa propiedade) menos as obrigas monetarias que ten con terceiros. O valor dos fondos propios a 31 de decembro é de 271.107.578 € e representa o 86,98% do financiamento da universidade

- **Pasivo a longo prazo** que é o conxunto das obrigas monetarias que ten a institución con terceiros e que teñen un vencemento superior a 1 ano. O seu valor é de 15.810.963 €, representando o 5,07% das fontes de financiamento da institución.

- **Pasivo circulante** que é o conxunto das obrigas monetarias que ten a institución con terceiros pero cun vencemento inferior a 1 ano. O seu valor é de 24.769.958 €, representando o 7,95% do financiamento da universidade.

Os **recursos permanentes** son os fondos de financiamento que permanecen na institución máis alá dun exercicio económico. Estaría formado polos fondos propios e o pasivo a longo prazo. O seu valor a 31 de decembro é de 286.918.541 € e representan o 92,05% do financiamento da universidade.

O **fondo de manobra** é o valor dos recursos permanentes que financian o activo circulante ou, doutra forma, a diferenza entre o activo circulante e o pasivo circulante. É un valor que mostra a capacidade que ten a institución para continuar co normal desenvolvemento a curto prazo das súas actividades. O seu valor a 31 de decembro é de 53.995.709 €. O 68,5% do activo circulante atópase financiado a longo prazo.

O **patrimonio neto** representa a diferenza entre o Activo real e o Pasivo esixible. Obtense por diferenza entre as partidas do activo e pasivo do balance, ascendendo a 31 de decembro a 286.918.541 €.

Cadro 24. Balance de situación da UVigo a 31 de decembro de 2009 e 2008 (€)

ACTIVO			PASIVO		
Concepto	2009	2008	Concepto	2009	2008
A) INMOBILIZADO	232.922.832	232.867.410	A) FONDOS PROPIOS	271.107.578	258.180.540
II. Inmobilizacións inmatriciais	578.048	446.168	I. Patrimonio	258.180.540	243.770.104
1. Gastos investigación e desenvolvemento	122.213.833	103.367.579	1. Patrimonio	257.017.740	242.607.303
2. Propiedade industrial	92.000	92.000	2. Patrimonio en cesión	2.789.445	2.789.445
3. Aplicacións informáticas	1.453.214	1.237.063	3. Patrimonio entregado en cesión	-1.626.644	-1.626.644
8. Amortizacións	-123.180.998	-104.250.474	IV. Resultados exercicio	12.927.037	14.410.437
III. Inmobilizacións materiais	226.978.236	227.072.175	C) ACREDORES LONGO PRAZO	15.810.963	13.748.609
1. Terreos e construcións	219.443.816	215.385.014	II. Outras débedas longo prazo	15.810.963	13.748.609
2. Instalacións técnicas e máquinas	81.198.458	75.554.179	2. Outras débedas	15.810.963	13.748.609
3. Útiles e mobiliario	35.963.154	34.555.297	D) ACREDORES CURTO PRAZO	24.769.958	23.341.750
5. Outro inmovilizado	52.841.015	51.113.680	III. Acredores	13.675.820	12.150.718
6. Amortizacións	-162.468.207	-149.535.996	1. Acredores orzamentarios	6.764.497	5.055.877
V. Investimentos financeiros permanentes	5.366.547	5.349.067	2. Acredores non orzamentarios	423.022	270.214
1. Carteira de valores longo prazo	6.718.465	6.254.495	4. Administracións públicas	3.930.309	4.112.889
3. Fianzas e depósitos constituídos l/p	190.787	138.307	5. Outros acredores	2.557.712	2.711.452
4. Provisións	-1.542.705	-1.043.735	6. Fianzas e depósitos recibidos c/p	279,65	287
C) ACTIVO CIRCULANTE	78.765.667	62.403.489	IV. Axustes por periodificación	11.094.138	11.191.032
II. Debedores	34.197.425	21.222.270			
1. Debedores orzamentarios	24.112.351	18.738.388			
2. Debedores non orzamentarios	2.353.109	2.914.161			
4. Administracións Públicas	8.770.321	41.731			
6. Provisións	-1.038.374	-472.010			
III. Investimentos financeiros temporais	46.991	50.625			
2. Outros investimentos e ctos.c/p	46.991	50.625			
IV. Tesourería	44.521.251	41.130.594			
TOTAL XERAL	311.688.499	295.270.899	TOTAL XERAL	311.688.499	295.270.899

IV. SITUACIÓN DA TESOURERÍA

O Estado de Fluxos de Tesourería recolle información dos fluxos de Tesourería durante un período de tempo. Contén, polo tanto, información separada dos cobros e pagos, diferenciando os mesmos en razón da súa procedencia. No movemento de fondos producido durante o exercicio hai que incluír todos os cobros e pagos orzamentarios e extra-orzamentarios de 2009, así como os pendentes dos exercicios 2008 e anteriores.

As disponibilidades financeiras da Universidade, nun momento dado, reflicten as posibilidades da mesma para facer fronte ás obrigas de pago que vencen e que deben ser satisfeitas.

Os movementos de fondos do ano 2009 se detallan nos cadros 25 e 26. Como se pode observar, das obrigas pendentes no exercicio anterior, pagáronse 3.070.321 €, non quedando pendente de pago ningunha cantidade. Polo que respecta aos dereitos de exercicios anteriores, cobráronse 22.582.836 € e quedan pendentes de cobro 1.002.471 €.

Cadro 25. Fluxo neto de tesourería no exercicio 2009 (€)

PAGOS	IMPORTE	COBROS	IMPORTE
1. Operacións de xestión	151.200.919,98	1. Operacións de xestión	155.465.021,77
2. Adquisición de inmovilizado	12.138.563,63	2. Débedas a l/p	1.386.766,58
4. Investimentos financeiros permanentes	463.970,00	5. Alleamento investimentos financeiros c/p	
5. Adquisición de investimentos financeiros a c/p		6. Orzamentos pechados	22.582.836,44
7. Orzamentos pechados	3.070.321,46	7. Contas non orzamentarias	281.614.643,48
8. Contas non orzamentarias	289.630.931,87	8. Outros cobros financeiros	495.237,77
9. Pasivos financeiros	1.649.142,19		
TOTAL PAGO	458.153.849,13	TOTAL COBROS	461.544.506,04
SUPERÁVIT DE TESOURERÍA			3.390.656,91

Cadro 26. Estado da tesourería da UVigo a 31.12.2009 (€)

Concepto	Importe
1. COBROS	461.544.506
(-) (+) do orzamento corrente	157.341.428
(-) (+) de orzamentos pechados	22.582.836
(-) (+) de operacións non orzamentarias	281.614.643
(-) (+) diferenca saldo contas anticipos I-XII	5.598
2. PAGOS	458.153.849
(-) (+) do orzamento corrente	165.452.596
(-) (+) de orzamentos pechados	3.070.321
(-) (+) de operacións non orzamentarias	289.630.932
I. Fluxo neto de Tesourería do exercicio (1-2)	3.390.657
3. Saldo inicial de Tesourería	41.130.594
II. Saldo final de Tesourería (I+3)	44.521.251

O saldo da tesourería a 31 de decembro de 2009 é de 44.521.251 € dos que 35.021.251 € están en contas correntes e 9.500.000 € están en imposicións a prazo para os efectos de rendibilidade. Do importe en conta corrente, 515.654 € corresponden á dotación das diferentes contas de anticipos a xustificar dos centros e a contas de pagos a xustificar, o resto, 34.505.597 € é o importe da tesourería corrente da universidade.

V. INDICADORES

Como complemento ao resto da información contida na Memoria, nesta sección se recollen unha serie de indicadores que reflicten dun xeito sintético a evolución da situación orzamentaria, financeira e patrimonial da Universidade nos últimos anos e ata o exercicio 2009.

V.1. INDICADORES ORZAMENTARIOS E FINANCEIROS

Indicador de resultados

Este indicador reflicte a porcentaxe de ingresos ordinarios que non se dedica a financiar gasto ordinario, o que da lugar ao resultado corrente do exercicio. Como se pode comprobar, este índice ten tódos os anos un valor positivo, acadando un valor de 6,76% neste exercicio. Isto, como nos últimos anos, é consecuencia da racionalización do gasto corrente levada a cabo pola universidade, o que permitíu realizar aforro corrente para financiar gastos de investimento.

Cadro 27. Indicador de resultados, 2005-2009 (€)

	2005	2006	2007	2008	2009
A. Ingresos ordinarios	93.025.876	105.209.573	120.895.661	129.752.722	139.479.340
B. Gastos ordinarios	87.890.085	96.532.884	108.142.336	117.212.649	130.045.358
C. Resultado corrente (A-B)	5.135.791	8.676.688	12.753.325	12.540.073	9.433.982
D. Indicador (C/A)	5,50%	8,30%	10,60%	9,70%	6,76

Indicadores de cumprimento

Estes indicadores recollen o grao de cumprimento na recadación dos dereitos recoñecidos así como no pago das obrigas contraídas.

O comportamento dos cobros mantense estable e nun nivel bastante razoable, neste exercicio acadou o 86,93%. A porcentaxe do grao de cumprimento dos cobros representa que 1 mes e 2 semanas dos ingresos son recadados no exercicio seguinte. Aínda que o grao de cumprimento se pode mellorar mediante diversas accións e reclamacións de cobro hai que ter en conta que o orzamento de ingresos depende en grande medida das transferencias doutras administracións públicas sobre as que é imposible exercitar ningunha acción de cobro e que a universidade, aínda que é unha administración pública, non ten o poder coercitivo que teñen as administracións públicas territoriais.

Cadro 28. Grao de cumprimento dos cobros 2005-2009 (€)

	2005	2006	2007	2008	2009
A. Dereitos cobrados	116.226.528	133.265.006	139.188.427	151.137.278	153.795.139
B. Dereitos recoñecidos	122.340.529	144.486.365	152.404.109	168.861.430	176.923.253
C. Indicador (B/A)	95,00%	92,20%	91,30%	89,50%	86,93

O mesmo ocorre co comportamento dos pagos, aínda que neste caso o nivel do indicador acada o 96,81%, o que significa que a Universidade cumpre co pago das súas obrigas dun xeito razoable, a diferenza ata o 100% non é debida a un déficit de tesourería como puidera desprenderse do cadro, senón que se debe á imposibilidade de tramitar a data real todas as operacións que se realizan ao peche do exercicio.

Cadro 29. Grao de cumprimento dos pagos 2005-2009 (€)

	2005	2006	2007	2008	2009
A. Obrigas pagadas	118.393.340	128.957.444	142.305.594	168.162.543	161.906.307
B. Obrigas recoñecidas	124.801.518	129.920.188	145.456.901	171.232.846	167.239.407
C. Indicador (B/A)	94,90%	99,30%	97,80%	98,20%	96,81

Indicadores financeiros

Neste apartado adoitan incluírse dous indicadores, o indicador de cargas financeiras e o índice de tesourería.

Dado que as cargas financeiras da universidade non representan nin o 1% do total do orzamento (no 2009 non chega ao 0,07% do gasto obrigado) este indicador non ofrece ningunha información, polo que só se inclúe o índice de tesourería.

O índice de tesourería indica o déficit ou superávit de tesourería do exercicio e da conta das posibles tensións de tesourería. Como se pode comprobar, o fluxo de tesourería no exercicio 2009 é positivo, a diferenza do exercicio 2008 os cobros do exercicio foron superiores aos pagos.

Cadro 30. Índice de tesourería 2005-2009 (€)

	2005	2006	2007	2008	2009
A. Cobros	504.508.183	535.503.993	566.781.632	468.654.163	461.544.506
B. Pagos	508.284.570	530.112.772	557.454.821	475.161.044	458.153.849
C. Diferencia (A-B)	-3.776.387	5.391.221	9.326.811	-6.506.881	3.390.657
D. Indicador (C/A)	-0,75%	1,01%	1,65%	-1,39%	0,73

V.2. INDICADORES PATRIMONIAIS

Neste grupo de indicadores inclúense habitualmente os indicadores de liquidez e solvencia, isto é, a capacidade que ten a universidade de converter en diñeiro os bens e a cantidade de recursos para afrontar as súas débedas.

Ratio de liquidez

A ratio de liquidez, trata de poñer de manifesto a capacidade da Universidade para afrontar as súas obrigas e débedas con prazo inferior a un ano. O ideal é que esta ratio sexa superior a 1, xa que iso significaría que o Activo circulante é maior que o Pasivo circulante e polo tanto, a capacidade de atender as débedas estaría garantida. Como pode apreciarse no **Cadro 31**, na nosa institución este índice é superior a 2 en tódolos exercicios, acadando neste exercizo un valor de 3,2. Destes datos pode concluírse que a nosa institución goza dun notable grao de liquidez.

Cadro 31. Ratio de liquidez 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
A. Activo circulante	48.767.061	56.649.974	63.386.913	62.403.489	78.765.667
B. Pasivo Circulante	20.558.924	20.395.712	21.216.990	23.341.750	24.769.958
C. Liquidez (A/B)	2,4	2,8	3	2,7	3,2

A ratio de liquidez inmediata mide a relación entre o dispoñible e o esixible, isto é, a relación que hai entre a tesourería da universidade e o importe dos acredores a pagar. Considérase que unha ratio entre 0,25-0,50 reflicte una boa situación. Como podemos ver no **Cadro 32** a ratio de liquidez inmediata da universidade está moi por riba deste importe en todos os anos que se reflicten.

Cadro 32. Ratio de liquidez inmediata 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
A. Dispoñible	32.407.154	37.798.246	47.637.476	41.130.594	44.521.251
B. Esixible	17.547.017	9.630.290	10.101.832	12.150.718	13.675.820
C. Liquidez inmediata (A/B)	1,8	3,9	4,7	3,4	3,3

Ratio de solvencia

Esta ratio de solvencia compara as débedas totais co valor en libros dos activos reais medindo a capacidade da universidade para afrontar a totalidade das súas débedas. Mide a distancia á que se atopa a

institución dunha quebra ou a capacidade de atender todas as súas débedas cos seus activos. Canto maior sexa a ratio maior será a solvencia, algúns tratadistas sinalan un valor óptimo superior a 1,5. Como pode observarse a ratio ten un valor de 7,5 no 2009 o que revela unha alta solvencia.

Cadro 33. Ratio de solvencia 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
A. Activo real	250.120.133	259.170.481	273.012.460	290.714.374	306.321.952
B. Fondos alleos	25.045.305	26.559.526	34.877.000	37.527.859	40.580.921
C. Solvencia (A/B)	10	9,8	7,8	7,7	7,5

Ratio de cobertura

Esta ratio mide o grao de cobertura do inmovilizado con fondos propios e reflicte o grao de adecuación entre as fontes de financiamento e o investimento. O óptimo é que este ratio se sitúe nun valor próximo a 0,75. Como pode comprobarse ao longo dos anos, a ratio sitúase nun valor de 0,9 indicando que o 90% do inmovilizado se atopa financiado con fondos propios.

Cadro 34. Ratio de cobertura 2005-2009

	2005	2006	2007	2008	2009
A. Fondos propios	210.862.994	211.106.271	213.893.133	232.867.410	232.922.831,7
B. Inmovilizado (neto)	231.572.840	230.431.296	241.626.694	258.180.540	271.107.577,7
C. Cobertura (A/B)	0,9	0,9	0,9	0,9	0,9

V. RESUMO DAS CONTAS ANUAIS DE ENTIDADES PARTICIPADAS

Conforme se establece no artigo 84 da Lei Orgánica de Universidades “as entidades nas que as Universidades teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente quedan sometidas á obriga de render contas nos mesmos prazos e procedemento que as propias Universidades”, nesta última parte da memoria recóllese un resumo das contas anuais das entidades participadas pola Universidade de Vigo.

Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).

Mantense a actividade económica da sociedade, sendo o rasgo máis distintivo da conta de resultados, detallada no cadro 35, o empeoramento dos datos operativos, cunha minoración dos ingresos e un incremento dos gastos.

Cadro 35. CUSA, Conta de resultados, 2009-2008

PARTIDAS	2009		2008	
	Importe €	% s/ ingresos	Importe €	% s/ ingresos
INGRESOS	540.729	100,0%	3.259.966	100,0%
Cifra de negocio	516.260	95,5%	481.658	14,8%
Traballos realizados para o seu inmovilizado	0	0,0%	2.714.086	83,3%
Outros ingresos de explotación	64.433	11,9%	40.196	1,2%
Ingresos financeiros	737	0,1%	22.471	0,7%
Ingresos extraordinarios	-40.701	-7,5%	1.554	0,0%
GASTOS	1.042.941	192,9%	3.653.281	112,1%
Consumo de bens e servizos	0	0,0%	1.567.813	48,1%
Variación existencias	0	0,0%	1.146.273	35,2%
Gastos de persoal	134.966	25,0%	111.357	3,4%
Amortizacións	166.782	30,8%	137.461	4,2%
Servizos exteriores e outros gastos	511.847	94,7%	386.950	11,9%
Gastos financeiros	205.971	38,1%	294.965	9,0%
Gastos extraordinarios	23.376	4,3%	8.462	0,3%
RESULTADO (+Beneficio -Perda)	-502.213	-92,9%	-393.316	-12,1%

O balance da sociedade, detallado no cadro 36, reflicta un desaxuste no seu financiamento, cun fondo de manobra negativo.

Cadro 36. CUSA, Balance 2009-2008.

PARTIDAS	2009		2008	
	Importe €	%	Importe €	%
ACTIVO	-	-	-	-
ACTIVO NON CORRENTE	10.589.272	91,7%	10.625.833	86,8%
Inmovilizado inmaterial	153.382	1,3%	155.012	1,3%
Inmovilizado material	93.272	0,8%	7.670.026	62,6%
Investimentos inmobiliarios	10.296.609	89,1%	2.714.086	22,2%
Investimentos empresas grupo	38.881	0,3%	79.582	0,6%
Investimentos financeiros	36	0,0%	36	0,0%
Outros activos non correntes	7.092	0,1%	7.092	0,1%
ACTIVO CORRENTE	961.225	8,3%	1.621.700	13,2%
Existencias	231.451	2,0%	238.216	1,9%
Debedores	625.911	5,4%	688.728	5,6%
Investimentos empresas grupo	48.281	0,4%	26.303	0,2%
Investimentos financeiros temporais	4.718	0,0%	4.466	0,0%
Tesourería	21.657	0,2%	633.181	5,2%
Axustes por periodificación	29.207	0,3%	30.806	0,3%
TOTAL	11.550.497	100,0%	12.247.533	100,0%
PASIVO	-	-	-	-
FONDOS PROPIOS	5.088.914	44,1%	2.922.777	23,9%
Capital subscrito	7.622.665	66,0%	4.954.315	40,5%
Reservas	84.412	0,7%	84.412	0,7%
Resultados de exercicios anteriores	-2.115.951	-18,3%	-1.722.635	-14,1%
Perdas e gañacias (beneficio ou perda)	-502.213	-4,3%	-393.316	-3,2%
PASIVO NON CORRENTE	5.377.390	46,6%	5.690.606	46,5%
Provisións longo prazo	96.726	0,8%	0	0,0%
Débedas con entidades de crédito	4.188.872	36,3%	4.564.298	37,3%
Outras débedas a longo prazo	18.449	0,2%	23.149	0,2%
Periodificacións a longo prazo	1.073.343	9,3%	1.103.158	9,0%
PASIVO CORRENTE	1.084.193	9,4%	3.634.151	29,7%
Débedas con entidades de crédito	626.712	5,4%	379.340	3,1%
Outras débedas a curto prazo	264.285	2,3%	2.669.519	21,8%
Acredores comerciais	193.196	1,7%	585.293	4,8%
TOTAL	11.550.497	100,0%	12.247.533	100,0%

Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI).

A conta de resultados da sociedade, detallada no cadro 37, reflexa a situación de posta en marcha da súa actividade na que se encontra, cunhos gastos superiores aos ingresos.

Cadro 37. CITEXVI, Conta de resultados, 2009-2008

PARTIDAS	2009		2008	
	Importe €	% s/ ingresos	Importe €	% s/ ingresos
INGRESOS	4.916	100,0%	35.286	100,0%
Cifra de negocio	4.800	97,6%	10.340	29,3%
Aprovisionamientos	116	2,4%	0	0,0%
Subvencións	0	0,0%	24.946	70,7%
GASTOS	275.421	5602,5%	100.118	283,7%
Gastos de persoal	72.580	1476,4%	62.015	175,7%
Amortizacións	6.181	125,7%	4.620	13,1%
Servizos exteriores e outros gastos	62.526	1271,9%	33.484	94,9%
Gastos financeiros	501	10,2%	0	0,0%
Gastos extraordinarios	133.633	2718,3%	0	0,0%
RESULTADO (+Beneficio -Perda)	-270.505	-5502,5%	-64.832	-183,7%

O balance da sociedade, detallado no cadro 38, tamén reflexa a fase de realización de investimentos de posta en marcha (4,45 millóns de euros no 2009) na que se encontra ao tempo que mostra un bo comportamento do financiamento, con investimentos financiados principalmente con fondos non esixibles, con escaso endebedamento, que non é bancario, e cunha alta liquidez.

Cadro 38. CITEXVI, Balance 2009-2008.

PARTIDAS	2009		2008	
	Importe €	%	Importe €	%
ACTIVO	-	-	-	-
ACTIVO NON CORRENTE	10.223.741	61,1%	5.760.470	33,9%
Inmovilizado intanxible	32.260	0,2%	18.873	0,1%
Inmovilizado material	10.191.481	61,0%	5.741.598	33,8%
ACTIVO CORRENTE	6.497.246	38,9%	11.242.727	66,1%
Debedores	2.996.665	17,9%	5.578.543	32,8%
Investimentos financeiros temporais	54	0,0%	141	0,0%
Tesourería	3.500.527	20,9%	5.664.042	33,3%
TOTAL	16.720.986	100,0%	17.003.197	100,0%
PASIVO	-	-	-	-
FONDOS PROPIOS	10.691.907	63,9%	10.962.412	64,5%

Capital subscrito	7.460.105	44,6%	7.460.105	43,9%
Resultados de exercicios anteriores	-239.711	-1,4%	-174.879	-1,0%
Perdas e gañacias (beneficio ou perda)	-270.505	-1,6%	-64.832	-0,4%
Subvencións recibidas	3.742.018	22,4%	3.742.018	22,0%
PASIVO NON CORRENTE	5.819.023	34,8%	5.760.576	33,9%
Provisións longo prazo	134.133	0,8%	0	0,0%
Outras débedas a longo prazo	4.437.551	26,5%	4.513.237	26,5%
Imposto diferido	1.247.339	7,5%	1.247.339	7,3%
PASIVO CORRENTE	210.057	1,3%	280.209	1,6%
Outras débedas a curto prazo	76.717	0,5%	1.030	0,0%
Acredores comerciais	133.340	0,8%	279.179	1,6%
TOTAL	16.720.986	100,0%	17.003.197	100,0%

Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

Da conta de resultados da Fundación, detallada no cadro 390, destacar o incremento da actividade económica da sociedade, cunhas cifras de ingresos superiores as de gastos.

Cadro 39. FUVI, Conta de resultados, 2009-2008

PARTIDAS	2009		2008	
	Importe €	% s/ ingresos	Importe €	% s/ ingresos
INGRESOS	538.787	100,0%	394.964	100,0%
Ingresos da actividade fundacional	468.419	86,9%	365.807	92,6%
Vendas e outros ingresos ordinarios de actividad mercantil	70.183	13,0%	27.972	7,1%
Outros ingresos de explotación	23	0,0%	1.139	0,3%
Ingresos financeiros	162	0,0%	45	0,0%
GASTOS	501.470	93,1%	272.909	69,1%
Axudas monetarias	6.133	1,1%	6.000	1,5%
Aprovisionamentos	9.048	1,7%	9.312	2,4%
Gastos de persoal	335.865	62,3%	189.210	47,9%
Amortizacións	5.386	1,0%	3.653	0,9%
Servizos exteriores e outros gastos	145.039	26,9%	64.735	16,4%
Gastos extraordinarios	0	0,0%	0	0,0%
IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES	60	0,0%	0	0,0%
EXCEDENTE DO EXERCICIO	37.377	6,9%	122.055	30,9%

Do balance da Fundación destaca a escasa significación patrimonial e o bo comportamento financeiro cunha alta liquidez e un escaso endebedamento.

Cadro 40. FUVI, Balance 2009-2008.

PARTIDAS	2009		2008	
	Importe €	%	Importe €	%
ACTIVO	-	-	-	-
ACTIVO NON CORRENTE	22.108	3,2%	21.211	3,7%
Inmovilizado inmaterial	102	0,0%	315	0,1%
Inmovilizado material	22.006	3,2%	20.895	3,6%
Outros activos non correntes	60	0,0%	0	0,0%
ACTIVO CORRENTE	662.018	96,8%	557.525	96,3%
Existencias	0	0,0%	0	0,0%
Debedores	241.007	35,2%	306.810	53,0%
Tesourería	421.012	61,5%	250.715	43,3%
TOTAL	684.127	100,0%	578.736	100,0%
PASIVO	-	-	-	-
FONDOS PROPIOS	632.303	92,4%	560.916	96,9%
Dotación fundacional	66.010	9,6%	66.010	11,4%
Reservas	184.552	27,0%	87.553	15,1%
Excedente do exercicio	37.377	5,5%	122.055	21,1%
Subvencións recibidas	344.364	50,3%	285.297	49,3%
PASIVO CORRENTE	51.883	7,6%	17.820	3,1%
Débedas con entidades de crédito	0	0,0%	0	0,0%
Acredores comerciais	51.883	7,6%	17.820	3,1%
Periodificacións a curto prazo	0	0,0%	0	0,0%
TOTAL	684.187	100,0%	578.736	100,0%

VI. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

O Servizo de xestión económica e contratación é o que fundamentalmente leva a cabo a xestión dos expedientes xerados pola contratación administrativa, agás os procedementos negociados de subministracións por razón de contía que se atopan desconcentrados nos/as Administradores/as de ámbitos/centros respecto das partidas descentralizadas.

Nesta memoria non se inclúe información relativa aos denominados contratos menores regulados nos artigos 56, 121, 176 e 201 do Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas e nos artigos 95 e 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público.

Os aspectos máis relevantes da contratación pública correspondente aos distintos tipos de contratos administrativos (obras, subministracións, asistencia / consultaría / servizos, xestión de servizos públicos e contratos de carácter privado) do exercicio 2009 aparece reflectida nos cadros e gráficos que se indican de seguido:

Cadro 41. Comparativo de volume de licitación.

	Exercicio 2008	Exercicio 2009	Diferencias	% Incremento ou Diminución
Importes de licitación	12.478.011	7.905.756	-4.572.255	-36,65%
Nº de expedientes	84	44	-40	-47,62%

Prodúcese no cómputo total unha diminución tanto do importe licitado, como do número de expedientes tramitados.

A continuación acompáñase o resumo da actividade levada a cabo distinguindo por tipos de contrato e a súa vez polos procedementos e formas de adxudicación.

Cadro 42. Resumo por tipo, procedementos e formas de adxudicación.

TIPO DE CONTRATO	PROD. NEGOCIADO	PROD. ABERTO	TOTAL
OBRAS	7	2	9
CONSULTORÍA / ASISTENCIA / SERVICIOS	6	9	15
XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS	0	1	1
SUBMINISTRACIÓNS	15	3	18
TOTAIS	28	15	43

Complementábase a información cos datos económicos contidos no seguinte cadro.

Cadro 43. Resumo por tipo, número de expedientes, importes principais, baixas e expedientes desertos ou anulados.

TIPO DE CONTRATO	Nº DE EXP.	IMPORTES DE LICITACIÓN	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN	BAIXAS	DESERTO / ANULADO
OBRAS	10	3.806.076,71	3.215.226,09	590.850,62	1
CONSULTORÍA./ASISTENCIA./SERVICIOS.	15	2.704.780,27	2.480.229,96	224.550,31	6
XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS	1	----	---	---	----
SUBMINISTRACIÓNS	18	1.394.899,42	1.258.708,31	136.191,11	---
TOTAIS	44	7.905.756,40	6.954.164,36	951.592,04	7

No cadro anterior obsérvase que as baixas producidas nos concursos públicos e procedementos negociados supuxeron un aforro en cómputo total de 951.592,04 €.